



Avisos.

Copa do Mundo en Boimorto.

O vindeiro 6 de Agosto de 2011 a Copa do Mundo conquistada por España no último mundial estará en Boimorto para o disfrute de todos os veciños. Aquel que queira poderá tocar a copa e sacar unha foto con ela.

Horarios de exposición ao público:

* Salón de plenos: de 10 da mañá a 2 da tarde.

* Campo de fútbol: a partir das 5 da tarde. No marco da celebración do Memorial anual que organiza a Asociación Rápido de Dorneá.

Invitamos a todos os veciños a ver a copa e sentir o mesmo que Casillas e compañía ao levantar a copa.

Servizos Sociais.

Infórmase que no mes de Agosto estarán en exposición pública os Regulamentos de Funcionamento do Centro de Día e Miniresidencia.

Para o estudo da demanda dos servizos e planificación da súa posta en marcha os/as interesados/as poden dirixirse ó departamento de Servizos Sociais do Concello para obter información sobre os trámites, prezos públicos e requisitos de ingreso.

Axente Desenvolvemento Local

*Servizo de apoio integral a coidadoras

A Fundación Mulleres presenta **CIUDADANAS**, un proxecto que pretende mellorar a calidade de vida das mulleres coidadoras de persoas en situación de dependencia, a través dun Servizo de Apoio Integral a Coidadoras.

Recursos e servizos: apoio e asesoramento, talleres grupais (saúde e

autocoidado, habilidades persoais e comunicativas, alfabetización dixital), apoio psicolóxico e emocional, grupos de axuda.

Calquera persoa interesada en participar nalgún dos recursos ou servizos nomeados (o cal será realizado en Boimorto cando teñamos un grupo de 12/15 beneficiarias), pode inscribirse a través da Técnica de Emprego.

*Curso semipresencial creación empresa

Fundación Mujeres

Beneficiarias: Mulleres

Duración: 100 horas

Inicio: 14 setembro Fin: 30 novembro

- 7 Sesións presenciais.
- Traballo en liña personalizado
- 4 Talleres presenciais de reforzo e axuda á elaboración do plan de empresa
- Titorías personalizadas.

As prazas son limitadas, polo que as mulleres interesadas deben inscribirse o antes posible, chamando ao **981 29 40 97**

*Realización do seguinte curso de formación no Concello de Boimorto:

* Limpeza de superficies e mobiliario en edificios e locais.

As persoas interesadas deberán ter demandando o curso no **INEM de Melide**, este será requisito **INDISPENSABLE**. A oferta será presentada ao longo da primeira semana do mes de agosto.

Calquera dúbida ou aclaración consulten no INEM de Melide ou coa Técnica de emprego.

Deportes.

***VII TORNEO DE TENIS "Concello de Boimorto":** O torneo dará comezo o Luns 22 de agosto e rematará o mércores 31 ou no caso de non dar tempo o sábado 3 de setembro. Serán eliminatorias directas ó mellor de 3 sets. Establécense 3 categorías:

- Rapaces*: nados no 2001, 2000 e 1999,
- Mozos*: nados no 1998, 1997 e 1996 e
- Seniors*: nados no 1995 e anteriores.

PREMIOS		
CATEGORIA	GAÑADOR	SUBCAMPIÓN
Rapaces	100,00 €	50,00 €
Mozos	60,00 €	30,00 €
Seniors	40,00 €	20,00 €

Os premios son vales en material deportivo

A inscrición realizarase no Concello nas oficinas ou chamando por teléfono, rematando o prazo o venres 19 de agosto.

***MARATHÓN DE FÚTBOL SALA:** o concello de Boimorto organiza na fin de semana do 26, 27 e 28 de agosto este marathón de fútbol sala.

Os premios serán os seguintes: 1000 euros ó campión, 600 ó subcampión e 300 ó terceiro. A inscrición é de 120 euros por equipo. Non poderán participar menores de 16 anos. Farase unha selección dos participantes boimortenses para disputar un partido amigable contra o Autos Lobelle.

Cultura

***Duelirium: O que queda por chover**
Domingo 21 de agosto ás 17:00 horas na Área recreativa da piscina municipal

Teatro de rúa con acrobacias aéreas, contorsións dentro dunha maleta, pirámides humanas...



SÁBADO 3 DE SETEMBRO:

***Circo Chosco. Ás 12:00 horas no Campo do Rosario. Coincidindo coa Feira Mensual**
 Comedia e Circo: malabares, equilibrios, aéreos, interpretación, risas, trampas e golpes

Colaboran:



DOMINGO 4 DE SETEMBRO:

***Festa infantil. Ás 17:00 horas no Campo do Rosario. (Se chove no Pavillón Municipal).**
 Haberá actividades para os máis pequenos, inchables, música, talleres e festa da escuma

***Próximos cursos setembro - outubro - novembro e decembro**

Os cursos serán un día á semana e os horarios decidiranse entre os participantes. O número de participantes será limitado polo que deben inscribirse canto antes.

Os cursos ofertados serán os seguintes:

***Iniciación á INFORMÁTICA:** Centro de Maiores (un día semana) iniciación á informática dende un punto de vista básico (Windows, programas de tratamento de textos e iniciación a Internet)

***Iniciación á INTERNET e CORREO ELECTRÓNICO PARA ADULTOS**

Internet converteuse en poucos anos nun dos motores que move o mundo, a diario está presente na vida da maioría das nosas vidas, facilitando a comunicación (Chat, facebook,...) a busca de información, o seguimento das noticias en tempo real, ...

***Obradoiro RISOTERAPIA:** a risa é unha medicina gratuíta, técnicas de relaxación, liberar tensións, expresión corporal, xogos, exercicios de respiración, utilizando a risa como camiño para eliminar bloqueos emocionais, físicos e mentais (límite de participantes - por orde de inscrición)

***Obradoiros de PINTURA-DEBUXO**

Haberá un para nenos/as e outro para adultos, buscando fomentar ás técnicas de pintura, a creatividade, como forma de desconectar do traballo ou como entretemento no tempo de ocio.

Para máis información e inscricións na Casa do Concello, antes de 15 de setembro
 Colabora:



***PONLE AS PILAS AO TEU BOCATA- Para nenos/as - Vide merendar con nós!**
9 de agosto de 2011 de 16:30 a 17:30 na

Área recreativa da piscina municipal

(se fai mal tempo será no Polideportivo)

A participación na actividade estará condicionada a orde de chegada.

Haberá unha xincana de obstáculos relacionados coa conservación do medio ambiente, centrándose na pesca, os pequenos elaborarán os seus bocatas a base de conservas.

Colabora:

